

Luís Lamela, historiador

'O franquismo perseguíu os masóns porque eran liberais'

Antonio Cerdán

Un novo libro *A represión da masonería viguesa*, de Edicións A Nosa Terra, recupera o traballo vencellado a estas míticas sociedades, cuxa orixe se remonta a tempos ancestrais. Algúns estudosos sitúana xa no antigo Exipto. En Galiza, a masonería apareceu a mediados do século XIX, aínda que non se pode precisar cando. Así o sinala o historiador, Luís Lamela, autor doutros textos xa emblemáticos sobre o franquismo. Segundo Lamela, estas sociedades non eran secretas, pois "todo o mundo sabía quen eran os masóns e eles instaban publicamente os demais cidadáns a que ingresasen na masonería". **Qué hai realmente detrás da masonería?**

Pois o único que hai son grupos de tendencia liberal que teñen o propósito de que a sociedade do seu tempo progrese. O seu obxectivo é favorecer que se desenvolven os cidadáns de cada etapa histórica, evitando conflitos innecesarios. Son uns acérrimos inimigos de reximes e de entes nos que poida existir corrupción.

Eran sociedades secretas?

Iso é totalmente falso. Foi un mito que creou o franquismo co único afán de denigrar os masóns e coa finalidade clara de descreditalos. O feito de que non fosen sociedades secretas ponno de relevo que distintos grupos sociais, principalmente partidos políticos e persoas que pertencían á masonería, insertaban anuncios na prensa dos anos trinta para que a cidadanía ingresase nas distintas loxas que xa había na nosa terra.

Cando aparece a masonería en Galiza?

A primeira loxa que está documentada aparece en Vigo, a comezos do século XX, pero a súa existencia foi máis ben efímera, xa que non se teñen datos de que proseguise a súa actividade despois. A máis debeu contar cun número reducido de membros. Pero, antes desta entidade sábese que, a mediados do XIX, existiron os primeiros grupos de masóns en Galiza, se ben non deixaron ningún tipo de documentación. Serva como

Houbo moitos católicos que militaron activamente na masonería"

exemplo que o grande poeta Curros Enríquez foi masón.

Cal é o seu principal ideal?

Son moitos. Pero, por enriba de todo, pretenden acadar as maiores cotas de benestar social. Así, son os principais promotores das sociedades liberais e da dignidade humana. Son os grandes partidarios do laicismo, o que non quere decir que estean en contra da relixión. Todo o contrario, o seu interese primordial estriba en que nada impida o correcto desenvolvemento de cada ser humano, polo que queren eliminar prexuízos e falsos tópicos.

Non son logo tan inimigos da relixión como se chegou a decir?

Ese foi outro falso mito no que se ampararon durante moitos anos tanto o franquismo coma a propia Igrexa Católica, que quixo ver na masonería un intento de substitución dos seus credos. Non embargante, houbo moitos católicos que, sen perder nunca as súas crenzas, militaron activamente na masonería. Incluso, a algún alto xerarca da Igrexa Católica se lle atribúen moi boas relacións coa

masonería. É certo que había irmáns masóns que se manifestaban claramente en contra do clero. Pero na masonería cabía todo o mundo. De feito, houbo algunhas sociedades masónicas que non querían a ateos no seu seo. Tiñan que crer, cando menos, na existencia dun ser supremo.

Por qué Franco se asañou tanto coa masonería?

Franco coñecía a masóns. Sabía que tiñan un espírito liberal moi grande e que podían ser un inimigo contra os seus obxectivos. A masonería é incompatible con calquera estado totalitario, independentemente do sino político que se atribúa. O ditador asociouna sempre co comunismo, pero comunismo e a masonería son antagónicos de por sí.

Qué métodos utilizou para reprimir os masóns?

Todos os que estaban ao seu alcance. Foi unha persecución implacábel, non tivo piedade con eles. Xa o primeiro día de guerra, o 18 de xullo de 1936, a garda civil comezou unha forte represión das sociedades masónicas. Pasárono moi mal e ningunha puido sobrevivir ao franquismo.

Amáis, os primeiros masóns foron xente da dereita liberal...

É verdade que houbo grandes políticos da dereita republicana que militaron na masonería, entre eles o líder histórico do republicanismo conservador, Alejandro Lerroux. Tamén o primeiro presidente da Segunda República, Niceto Alcalá



PACO VILABARROS

Zamora. Tamén temos que ter en conta que unha gran parte do principal partido republicano progresista, Izquierda Republicana, colleu a testemuña no segundo tercio da etapa republicana.

Pertencen a unha clase social determinada?

Poderíase dicir que sí, aínda que

eles aceptaban a todo aquel que desexase ingresar. Maioritariamente pertencían a burguesía, predominando a pequena e mediana, aínda que tamén había grandes burgueses. En Galiza temos o caso do empresario Echegaray, que fora un indiano que dispoñía de grandes liñas trasatlánticas con América. ●

Josep Coromines, Mestre da Gran Loxa Ibérica

'Franco abriu 100.000 expedientes, cando non había máis de 10.000 masóns'

Á presentación do libro *A represión da masonería viguesa* acudiu o Gran Mestre da Gran Loxa Ibérica Unida, Josep Coromines, quen no decurso da súa intervención, salientou a obsesión represora do xeneral Franco con estas organizacións. Dixo que o ditador chegara a abrir máis de 100.000 expedientes por pertenza a gru-

pos masónicos, cando non chegou a haber máis de 10.000 masóns durante en todo o Estado español. Sinalou tamén que o principal obxectivo dos masóns era elevar o nivel de escolarización dunha sociedade, na que existía unha elevada porcentaxe de analfabetismo.

Respecto á obsesión de Franco con relación a maso-

nería, manifestou que era debida a que coñecía ben os masóns. "De feito, o seu irmán Ramón pertenceu a distintas loxas". Era sabedor tamén de que os obxectivos da masonería resultaban incompatíbeis co seu ideario político, de aí que promulgase unha lexislación antimasonica que estivo vixente dende 1941 até 1978.

Coromines apunta tamén que a masonería ten dificultades sempre cos reximes autoritarios. Neste senso, indica que tan só leva a cabo actividades nun país do mundo no que existe un modelo destas características, que é o caso de Cuba. Iso obedece a que entre os revolucionarios de 1959 había moitos masóns. ●